

INFORMACIÓN SOBRE AS AXUDAS ERASMUS+ E BOLSAS COMPLEMENTARIAS**1. BOLSA ERASMUS+**

Se aceptas a praza *Erasmus+*, non terás que solicitar esta axuda económica. Antes de que inicies a estadía publicaremos unha resolución de concesión das axudas. A título informativo, a contía da bolsa dependerá do país de destino, segundo tres grupos. A axuda poderá variar en función do proxecto.

Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia e Suíza.	Mínimo 300€ /mes Máximo 310€ /mes
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.	Mínimo 250€ /mes Máximo 260€ /mes
Grupo 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía.	Mínimo 200€ /mes Máximo 210€ /mes

O alumnado con menos oportunidades (bolseiros MEFP ou con discapacidade de máis dun 33%, refuxiados) recibirá unha bolsa adicional de 250€ por mes. Para o alumnado con discapacidade, de ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo beneficiario/a mediante presentación de facturas polos seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade.

2. BOLSA SANTANDER ERASMUS+

O Banco Santander publicou xa as bases das axudas Santander Erasmus.

A Universidade de Vigo é a responsable de conceder as axudas entre o alumnado seleccionado.

Para poder seleccionar, ademais de ter concedida unha praza Erasmus, teredes que estar inscritos na [plataforma](#) do Banco Santander, en Becas Santander Estudios Erasmus 2022-23. O prazo para inscribirse finaliza o 15 de marzo de 2022.

As axudas consistirán en 2 bolsas de 2.000 € cada unha e 27 bolsas de 500 € cada unha

Estas axudas serán asignadas aos seleccionados/as con destino Erasmus+ en función da nota media ponderada coa titulación. Poderemos ter en conta a condición de bolseiro MEFP ou discapacidade.

3. BOLSA DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia publica unha convocatoria anual de axudas complementarias ao programa Erasmus+, compatible coas anteriores. Esta convocatoria publícase cando o alumnado xa está fora, no voso caso en xaneiro de **2023**

A axuda varía en función da duración da estada e a nota media do expediente académico.

Quedan excluídos desta convocatoria os estudantes de máster e etapa de tese e aqueles que xa recibisen esta axuda en anteriores convocatorias.

Dende a ORI enviaremos por correo electrónico a convocatoria cando sexa publicada no caso de que se convoque.

IMPORTANTE: A solicitude tramitarase en liña unicamente polo que para poder facelo se tes DNI electrónico ou solicitas a chave 365 antes de marchar: <https://sede.xunta.gal/tramites-eservizos/chave365>.

4. OUTRAS POSIBLES AXUDAS

Noutros cursos, tanto a Deputación de Pontevedra como a de Ourense asinaron convenios coa Universidade de Vigo para conceder axudas complementarias. Se se renovan, informaremosvos por correo electrónico.

A bolsa Erasmus é compatible coa bolsa da convocatoria xeral de estudos, a bolsa MEFP. Pedide a bolsa no curso 2022-23 se podedes optar a ela.